

AXUDA DE USO DO CALENDARIO DE AULA

O calendario de aula permite que o alumno/a poida xestionar os diferentes acontecementos e o paso do tempo nas aulas, desde un ordenador con conexión a internet, e preferentemente con unha pantalla ou EDI. Está pensado para un traballo complementario co calendario tradicional (en papel).

A continuación explícanse as características e funcionalidades máis relevantes, así como o seu uso.

1.- Dous tipos de visualización:

O calendario pode ser visualizado de dúas maneiras, en función de se accedeu co usuario e contrasinal do mestre, ou código QR do alumno ou ben como visitante (p.e. o alumno/a desde casa). Deste xeito o alumnado poderá interactuar co calendario (engadindo iconas de evento, marcando as faltas e anotando os días que pasan) baixo o control do mestre en todo momento, empregando o seu carnet co código QR e a webcam (ou ben co contrasinal do mestre)

SEN CONTRASINAL



O acceso como visitante, **sen contrasinal**, permite:

- visualizar tódalas iconas e días marcados pero non marcar faltas.
- non se poderán visualizar ningún tipo de imaxe do alumnado
- non se amosarán os eventos no horario lateral

A función deste acceso é que o alumnado poida empregar o calendario libremente, pero no modificar os contidos do mesmo empregando unha ligazón, que podes incluír no blogue da túa aula.

CON CONTRASINAL OU CARNET QR




O acceso **con contrasinal ou código QR**, permite:

- visualizar todo o contido E marcar faltas.
- visualizar os alumnos que están de cumpleaños
- marcar os días que van pasando un x
- engadir iconos para os diferentes eventos nos días
- xestionar as faltas do alumnado

Lembra que para usar este calendario, e outras aplicacións con rexistro de recursoseducativos.net, podes solicitar o teu contrasinal desde a páxina de inicio de recursoseducativos.net

A ligazón ó teu calendario podes conseguila premendo no botón “copiar url deste calendario” na parte inferior do mesmo. Tamén poderás cambiar entre os grupos que teñas creados.


Cambiar de grupo/aula 

COPIAR URL DESTE CALENDARIO

MANUAL DE AXUDA (pdf)

2 – Marcando cada día:

Para marcar cada día que pasa tan só hai que facer clic sobre o número ou números que se queira, e automaticamente quedará marcado cun x. Para desmarcalo tan só haberá que premer sobre o número coa x e tornará ó seu estado orixinal.



Os números marcados e desmarcados, tamén poden ser vistos desde o acceso como visitante (sen contrasinal), pero non poderán marcalos ou desmarcalos. (ver primeira imaxe deste manual)

3.- Introduciendo datos dos alumnos:

Podes empregar o calendario sen introducir ningún dato dos teus alumnos/as para marcar eventos e sucesos (ver punto 4) e marcar o paso do tempo, pero non poderás empregalo para que os rapaces marquen as faltas de asistencia ou se amosen os días nos que cumpren anos.





Para introducir datos dos teus alumnos/as (ou ven cambiar os existentes xa sexa para editar ou borrar), podes facelo desde a opción “Xestionar alumnos” do teu menú de servizos de recursoseducativos.net

Lembra que terás que acceder co usuario e contrasinal para poder ver este menú.

Serás dirixido a esta pantalla que se abre nunha nova ventá (en caso de non aparecer revisa que o teu navegador non estea a bloquear as ventás emerxentes en recursoseducativos.net)

Lista de alumnos e alumnas en eI2

+ ENGADIR UN NOVO ALUMNO

ALUMNO/A			
 Seleccionar arquivo nada seleccionado cambiar foto	1 - Nome: YESSICA cambiar	Cumpreanos: Día: 24 Mes: 1 cambiar	BORRAR
 Seleccionar arquivo nada seleccionado cambiar foto	2 - Nome: TIAGO cambiar	Cumpreanos: Día: 29 Mes: 1 cambiar	BORRAR
 Seleccionar arquivo nada seleccionado cambiar foto	3 - Nome: ÓSCAR cambiar	Cumpreanos: Día: 22 Mes: 4 cambiar	BORRAR

Desde esta nova ventá poderás engadir un novo alumno, premendo a opción correspondente, pedíndose unicamente o nome.

Unha vez o nome se atope almacenado la lista inferior poderás de forma opcional, ademais de cambiar o nome, subir unha fotografía (en formato jpg – de non facelo aparecerá un emoticono no lugar), engadir o seu aniversario, deste xeito aparecerá automaticamente marcado o día que se corresponda.

Tamén poderás borrar o alumno, borrando tamén tódalas faltas acumuladas do mesmo. Por seguridade solicítase confirmación antes de borrarlo.

Por último poderás conseguir o código QR de cada un, para poder logo imprimilo e pegalo no carnet de cada alumno... fai click sobre o mesmo para velo a un tamaño maior, que podes copiar e pegar, adaptándoo o tamaño que precisas.

4.- Que podo facer "cada día"?:

Accedendo co teu usuario e contrasinal ou carnet-QR, en cada un dos días do calendario poderás:

Fai click para consultar quen está de aniversario (cumpreanos) ese día. Só aparece se se corresponde o día cunha data de cumpleanos introducida na ficha dalgún alumno
Tamén funciona accedendo como visitante.

Que vai a suceder o día..
Accedendo co contrasinal podes engadir diferentes iconas representativas (autobús, entrodido, maños...)

Xestiona que **día fai hoxe**, escollendo entre as iconas dispoñibles para o tempo.
Na parte inferior do calendario poderás ver a modo de gráfico cantos días fixo ese tempo no mes.

Xestiona as **faltas**, previamente tes que ter introducidas os datos dos alumnos: nome, foto, e cumpleanos

4.1- Que vai a pasar o día...?

De ter accedido con carnet QR ou con contrasinal, premendo a icona de eventos, abriase esta nova ventá desde a que o alumno pode engadir calquera das iconas premendo sobre el, automaticamente aparecerá no calendario.

Tamén poderás limpar os iconos introducidos nese día (non é posible eliminalos de un en un) ou marcalo como festivo, e que apareza en vermello claro. Os festivos estatais e autonómicos, así como o calendario escolar galego, son introducidos automaticamente pola aplicación ó comezo de cada curso escolar.

Se precisas que inclúamos outra icona tan só tes que pedilo a:
info@recursoseducativos.net

Se un día ten un ou varios eventos engadidos (ver punto 4.2) aparecerá ademais a icona interactiva.

Tacha o día do calendario facendo click no só no número

Facendo click visualizas o texto asociado á icona, se foi introducida previamente.

Accedendo co usuario-contrasinal, ou carnet QR podes engadir ou cambiar o texto.

4.1.1- Engadindo un texto ó evento :



Accedendo con usuario e contrasina, ou carnet-QR, cando se preme sobre algunha das icona dun evento podes editar o texto introducido.

Non é preciso premer ningún botón para gardar, xa que os cambios son gardados automaticamente un segundo despois de deixar de escribir. Amosarase unha pequena animación indicando o proceso de gardado



Accedendo como usuario “non rexistrado” ou sen carnet-QR, en modo de visualización, ó premer sobre a icona do evento amosarase deste xeito.

Para modificar/engadir o texto, accede co usuario-contrasinal ou carnet QR e sigue o indicado no punto anterior

Lembra que só podes incluír un texto por día, aínda que teña máis dunha icona no día.

4.2- Quen cumpre anos hoxe?:



Só se se accede con contrasinal ou código QR, premendo sobre a icona da coroa azul (que representa quen está de aniversarios ese día), aparecerá unha nova ventá na que aparecerán as fotografías correspondente.

Obviamente terás primeiro que ter introducidos os datos de cada alumno, incluído o seu aniversario, do xeito que se explicou anteriormente.



4.3- Quen falta hoxe?



De acceso con contrasinal ou código QR, premendo a icona de faltas de asistencia, abrirase esta nova ventá desde a que o alumno pode marcar e desmarcar as fotografías dos compañeiros que faltan ese día..

Aqueles marcados como ausentes aparecerán en branco e negro e con menor opacidade. Facendo click sobre el voltará a estar presente (en cor) e así sucesivamente, alternando entre branco e negro e cor.



Mantendo o cursor sobre calquera das fotos aparecerá o nome do alumno.

4.4- Lista de faltas do mes e do ano

Na parte inferior, debaixo do calendario, cando accedas co contrasinal, poderás acceder a un listado de faltas por alumno dese mes ou ano natural, indicándose non só o número de faltas senón tamén os días que faltou nese mes, que poderás imprimir se así o desexas.

4.5- Imprimir iconas do mes


De acceso como visitante ou rexistrado, premendo sobre esta opción (na parte inferior do calendario) permite imprimir as iconas introducidas ese mes no calendario, para poder pegalas no calendario de papel

4.6- Que tempo fai hoxe? Que temperatura?:

Só co acceso con contrasinal ou código QR. Desde a icona correspondente poderás indicar que tempo fai en cada día, escollendo entre as iconas dispoñibles. A icona marcada aparecerá sombreada de cor branca. Na parte inferior verás unha gráfica co tempo do mes



Tamén podes indicar a temperatura que fai ese día, amosándose unha gráfica mensual cos datos (debaixo da gráfica co tempo).



Lembra que podes cambiar de mes premendo as frechas que atoparás antes e despois do nome do mes, por defecto o calendario ábrese sempre na data actual.

4.7.- Horario de cada día

Ó lado do calendario aparecen os “nomes dos días da semana”, sinalado en cor verde o día actual. Podes facer que en cada un dos días aparezan as iconas representativas, ou as fotografías dos mestres/as que estarán na aula esa xornada.

O día actual, de cor verde, sempre aparecerá despregado, podes abrir os outros facendo click sobre o seu nome.

Para poder amosar estas iconas terás primeiro que subilas e escollelas para cada día... consulta o punto seguinte 4.8, deste manual, para saber como facelo.



O contido deste horario lateral só pode visualizarse se se accede con usuario e contrasinal ou co código QR dun alumno/a do grupo, posto que pode incluír fotografías de mestres/as.

4.8.- Subir as iconas e xestionar o horario de cada día.

Para subir as iconas e fotografías que queiras amosar no horario de cada día ó lado do calendario, terás que acceder co usuario e contrasinal como mestre e entrar en as miñas aplicacións > o meu calendario.... nese momento verás aparecer na parte inferior un botón para “xestión de iconas do horario”



XESTIONAR ICONAS DO HORARIO

Premendo neste botón despregarase un novo menú onde poderás ir subindo novas iconas ou fotografías (imaxes en formato jpg), ó teu “banco de iconas”.


Logo para cad día poderás ir escollendo no despregable o nome das iconas que queres amosa e na orden en que facelo (ese nome será o que indiques cando subas cada unha das imaxes).

Lembra gardar en cada “día” cando teñas elixidas ou cambiadas as iconas, e que poderás tamén borrar unha icona subida premendo na opción correspondente.


Para “desmarcar” unha icona dun día concreto, tan só tes que poñer o despregable na opción “escolle”, e para indicar cunha liña vermella o momento do recreo, deberás escoller no despregable “recreo”.

XESTIONAR ICONAS DO HORARIO


LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
PAVILLÓN	LOLI	escolle	ORDENADORES	LIBROS PARA CASA
PAULO	BERNARDA	IRIA	LOLI	BERNARDA
recreo	FROITA	recreo	BEEBOT	recreo
LIBROS XUNTOS	recreo	escolle	FROITA	PINCEL
escolle	escolle	escolle	recreo	escolle
escolle	escolle	escolle	escolle	escolle
escolle	escolle	escolle	escolle	escolle
gardar	gardar	gardar	gardar	gardar




BEEBOT
X BORRAR




PAULO
X BORRAR




BERNARDA
X BORRAR




FROITA
X BORRAR




IRIA
X BORRAR




LIBROS PARA CASA
X BORRAR




LIBROS XUNTOS
X BORRAR




LOLI
X BORRAR




ORDENADORES
X BORRAR



ÓSCAR
X BORRAR



PAVILLÓN
X BORRAR



PINCEL
X BORRAR


SUBIR UNHA IMAXE Ó TEU BANCO DE ICONAS

nada seleccionado
Nome e amosar:

subir icona

5.- Letras móbiles dos nomes do alumnado

Accedendo con contrasinal ou con código QR. Premendo sobre a icona da “estrela” abrirase unha nova ventá onde poderás escoller un dos nomes (por exemplo o encargado do día), da lista de alumnos na que esteas a traballar, de modo do que poidan arrastrar as letras do nome para ordealas.



Tan so hai que arrastrar cada letra para colocala na orde correcta.



www.recursoseducativos.net

Óscar Abilleira Muñiz – info@recursoseducativos.net